

Resolución do 4 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención do título de técnico de formación profesional específica nos ciclos formativos e prazas que se determinan.

A Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia, indica, no artigo 4º, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará, polo menos unha vez ao ano, probas para a obtención do título de técnico e/ou de técnico superior de formación profesional específica, para os ciclos formativos e prazas que se determinen e nos centros que se autoricen para tal fin.

É por iso que, en virtude da autorización que lle confire a disposición derradeira primeira da devandita orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto convocar a celebración de probas libres para a obtención do título de técnico de formación profesional específica de determinados ciclos formativos, así como para a acreditación das unidades de competencia para o ano 2005, de conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Prazas, ciclos formativos, módulos e centros.

Convócanse vinte e cinco prazas para cada un dos ciclos que se recollen no anexo I.

Neste anexo reflítense os módulos pertencentes a cada ciclo, así como aqueles susceptibles de validación.

Os criterios de selección de candidatos establécense aplicando o baremo recollido no anexo VI desta resolución.

Os centros integrados nos que se levarán a cabo estas probas son os relacionados no anexo II.

Terceiro.-Solicitudes de inscrición.

As solicitudes de inscrición presentaranse no centro docente no que se van realizar as probas de cada ciclo, no período comprendido entre os días 18 a 31 de marzo de 2005, ambos os dous incluídos, segundo o modelo que se recolle no anexo III.

As persoas interesadas poderán inscribirse por módulos ou por ciclo formativo completo.

Cuarto.-Documentación.

Os aspirantes deberán acompañar a súa solicitude a seguinte documentación acreditativa do cumprimen-

to dos requisitos establecidos no artigo 5.2º da Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro):

a) Para os aspirantes que acrediten dous anos de experiencia laboral como requisito de acceso:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na que conste a vida laboral, e un informe de cotización ou certificación da mutualidade laboral á que estivera afiliado, onde se especifique a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación ou, de ser o caso, o período de cotización no réxime especial de traballadores autónomos, ou de calquera outro medio de proba admitido en dereito.

-Certificación da empresa na que adquirira a experiencia laboral, na que se reflita especificamente a duración do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida e o período no que se realizou a dita actividade. No caso de traballadores por conta propia, certificación da alta no imposto de actividades económicas.

b) Para os aspirantes que acrediten ter cursado con anterioridade ensinanzas profesionais relacionadas co sector profesional correspondente:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Fotocopia compulsada da certificación xustificativa da formación achegada, emitida pola entidade ou institución que a impartiu, na que conste a data, a duración en horas e os contidos concretos desenvolvidos nela. Para que se considere este apartado requirirase un mínimo de 300 horas de formación. Nos casos nos que a duración da actividade formativa achegada veña expresada en créditos, considerarase cada crédito equivalente a dez horas de formación, agás indicación expresa noutro sentido na certificación emitida pola entidade correspondente. Non se terán en conta as certificacións nas que non conste expresamente o número de horas ou os créditos de duración.

Ademais deberán presentar:

-Declaración xurada do interesado, segundo o modelo do anexo IV desta resolución, na que faga constar non estar matriculado en modalidade presencial nas ensinanzas conducentes ao mesmo título ao que opta en réxime libre.

-No caso de solicitude de acreditación de competencias profesionais, para especificar a traxectoria formativa e profesional, utilizarase o modelo recollido no anexo V.

Quinto.-Información e asesoramento aos aspirantes.

Durante o período de inscrición, o departamento de orientación dos centros nos que se realicen as probas, coa colaboración de expertos da familia profesional correspondente, asesorará os aspirantes sobre o proceso de avaliación e recoñecemento das competencias profesionais para que poidan seguir adecuadamente o proceso e formalizar e presentar a documentación pertinente.

Tamén informarán os aspirantes sobre os prazos e os procesos de reclamación, sobre aspectos curri-

culares do módulo ou dos módulos que pretenden superar e sobre posibles itinerarios formativos adecuados para obter a competencia do título ao que se opta.

Sexto.-Comisións de avaliación.

Con anterioridade ao día 31 de marzo de 2005, constituirase a comisión de avaliación prevista no artigo 10 da Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro) coa finalidade de organizar, desenvolver e facer o seguimento do proceso de avaliación e certificación das unidades de competencia e dos módulos do ciclo formativo, determinar os espazos nos que se levarán a cabo as probas e valorar e cualificar os resultados obtidos.

Os resultados da avaliación final das competencias profesionais, así como a cualificación final de cada módulo e a global do ciclo formativo, faranse constar nunha acta que asinarán todos os membros da comisión e que se custodiará na secretaría do centro onde se realizan as probas.

As comisións de avaliación actuarán de acordo coas disposicións desta resolución e coas instrucións que oportunamente emita a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Sétimo.-Admisión de candidatos.

A relación provisional de solicitantes de inscrición ás probas publicarase no taboleiro de anuncios do centro antes do 7 de abril.

As reclamacións a esta listaxe poderán presentarse no centro no período comprendido entre o 7 e o 14 de abril.

A relación definitiva de solicitantes de inscrición ás probas publicarase no taboleiro de anuncios do centro o 18 de abril.

A secretaría do centro remitiralle á comisión de avaliación as solicitudes de inscrición recibidas para que comprobe se os candidatos cumpren cos requisitos exixidos na Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica.

Os criterios de selección, cando houber máis candidatos que prazas, están recollidos no anexo VI.

A relación provisional de aspirantes seleccionados para realizar as probas deberase expor no taboleiro de anuncios do centro antes do 25 de abril.

Os aspirantes poderán presentar, no mesmo centro, reclamacións a esta listaxe provisional desde o 25 de abril ata o 5 de maio ambos inclusive. A comisión de avaliación deberá resolver estas reclamacións nun prazo máximo de dez días naturais contados a partir do derradeiro día fixado para a súa presentación.

As listaxes definitivas de admitidos deberanse expor no taboleiro de anuncios do centro antes do 9 de maio.

Ante esta resolución poderá interporse recurso de alzada ante a dirección xeral competente en materia de formación profesional no prazo dun mes.

Oitavo.-Avaliación das competencias profesionais.

A avaliación das competencias profesionais farase a partir das unidades de competencia e os módulos que se relacionan no anexo I.

As persoas que soliciten a acreditación dalgunha unidade de competencia deberán pasar polas seguintes fases:

a) Entrevista persoal con membros da comisión de avaliación, preferiblemente o orientador ou a orientadora, que emitirá un informe sobre o proceso de acreditación das competencias profesionais, unha proposta de formación complementaria ou unha avaliación do currículo do aspirante.

b) Elaboración da carpeta individual de competencias profesionais.

c) Realización da entrevista de avaliación, na que a comisión de avaliación poderá observar as tarefas desenvolvidas no seu posto de traballo e, ademais, poderalle pedir ao solicitante:

-A información complementaria que considere necesaria.

-A defensa dun tema profesional puntual.

-A presentación das certificacións profesionais acreditativas das competencias profesionais susceptibles de avaliación.

-A realización de técnicas de simulación ou probas prácticas.

A comisión de avaliación informará os candidatos, a través do taboleiro de anuncios do centro, das actividades e das probas que esta pretende realizar para a valoración de cada unidade de competencia, así como dos criterios de avaliación e/ou realización destas probas.

O período destinado para a avaliación das competencias será o comprendido entre o 9 a 27 de maio.

A acreditación da correspondente unidade de competencia requirirá a avaliación final positiva emitida pola comisión de avaliación.

Os resultados provisionais da avaliación das competencias deberanse expor no taboleiro de anuncios do centro o día 31 de maio. Contra os resultados provisionais desta avaliación pódense presentar reclamacións ante a comisión de avaliación no prazo comprendido entre o 31 maio e o 7 de xuño ambos inclusive. A avaliación definitiva das unidades de competencias e a relación dos correspondentes módulos validados publicarase no taboleiro de anuncios do centro o día 10 de xuño.

A cualificación do módulo que resulte desta avaliación será a de validado/a ou non validado/a.

O incumprimento grave, por parte da persoa solicitante de recoñecemento, das normas de prevención, protección e seguridade que se deban aplicar en cada proba provocará a súa interrupción e a valoración negativa da competencia correspondente.

Noveno.-Probas de avaliación dos módulos do ciclo formativo.

As probas realizaranse durante o período comprendido entre o 13 e o 30 de xuño, segundo o calendario

que se publique no taboleiro de anuncios do centro educativo antes do día 30 de maio, no que se indicará o día, a hora, o lugar e a necesidade de útiles ou instrumentos para cada parte da proba correspondente a cada módulo profesional.

A comisión de avaliación establecerá e fará públicas no taboleiro de anuncios do centro, antes do 30 de maio, as características, os criterios de corrección e superación, e o carácter eliminatorio, de ser o caso, de cada proba.

O incumprimento grave por parte da persoa solicitante de recoñecemento, ou a non observancia das normas de prevención, protección e seguridade que se deban aplicar en cada proba provocará a súa interrupción e a valoración negativa do módulo correspondente.

Décimo.-Avaliación das probas.

Os módulos cualifícanse de 1 a 10, sen decimais, excepto o de formación en centros de traballo, que será cualificado como apto ou non apto.

Para superar cada módulo deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5.

A cualificación final do ciclo formativo, cunha soa cifra decimal, será a media aritmética das cualificacións dos módulos que o compoñen que teñan expresión numérica.

Os resultados da avaliación das probas dos módulos faranse constar nunha acta, segundo o modelo establecido no anexo VII, que deberán asinar todos os membros da comisión de avaliación e que se deberá custodiar na secretaría do centro.

Os módulos validados por acreditación de competencias serán cualificados como validados; para a obtención da nota media do ciclo cuantifícanse como cinco puntos.

Décimo primeiro.-Reclamacións.

Os resultados provisionais da cualificación das probas dos módulos deberanse expor no taboleiro de anuncios do centro o día 4 de xullo. Contra os resultados provisionais desta avaliación pódense presentar reclamacións ante a comisión de avaliación no prazo comprendido entre o 4 e o 11 de xullo. A cualificación definitiva dos módulos publicarase no taboleiro de anuncios do centro o día 15 de xullo.

Contra esta resolución poderá interporse recurso de alzada ante a dirección xeral competente en materia de formación profesional no prazo dun mes.

Décimo segundo.-Validacións e exencións.

Os alumnos que se presenten a estas probas poderán solicitar validación dos módulos recollidos nos anexos IV, V e VI da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro) e na Orde do 8 de outubro de 2002 (DOG do 17 de outubro), pola que se rectifican os erros advertidos na dita orde.

Tamén terán dereito a solicitar a exención do módulo de formación en centros de traballo pola correspondencia coa práctica laboral, presentando a documentación indicada no artigo 20.3º da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro).

As solicitudes de validación deberán presentarse no momento da inscrición e formalizáranse no modelo de instancia establecido para tal efecto no anexo VII de dita orde.

As solicitudes de exención do módulo de FCT pola correspondencia coa práctica laboral deberán presentarse no momento da inscrición e formalizáranse no modelo de instancia establecido para tal efecto no anexo IX da orde anteriormente citada.

As validacións e a exención do módulo de FCT serán resoltas polo director do centro no que se realizan as probas libres, quen deberá comunicar o resultado á comisión de avaliación.

Décimo terceiro.-Certificación e rexistro.

A avaliación positiva das competencias profesionais dunha unidade de competencia ou a superación dos módulos asociados a ela suporá o dereito do candidato á acreditación da unidade de competencia.

O secretario do centro integrado certificará os módulos superados, exentos ou validados, segundo o modelo presentado no anexo IX.

As persoas que teñan superada a totalidade dos módulos dun ciclo formativo e reúnan os requisitos académicos establecidos regulamentariamente para o acceso a estas ensinanzas poderán solicitar a expedición do correspondente título, segundo o modelo que se recolle no anexo X.

O rexistro dos títulos expedidos farase de acordo co procedemento establecido na Orde do 25 de abril de 1997 (DOG do 20 de maio), de creación e regulación do rexistro de títulos académicos e profesionais non universitarios de Galicia.

Décimo cuarto.-Publicidade do proceso.

As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como os centros docentes onde se realizarán as probas, impulsarán a difusión e a publicidade desta convocatoria para o coñecemento de todos os colectivos interesados.

Décimo quinto.-Recursos.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poden interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o que dispoñen os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Primeira.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ditará cantas instrucións se precisaren para o cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2005.

M^a Luisa Castro Casas
Directora xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

ANEXO I

Relación de ciclos e módulos, coas referencias legislativas dos títulos e dos currículos correspondentes

Familia profesional: edificación e obra civil			
Ciclo formativo: acabados de construción			
Real decreto polo que se establece o título: 2211/93, do 17 de decembro (BOE do 19 de febreiro de 1994)			
Decreto polo que se establece o currículo: 217/2000, do 21 de xullo (DOG do 25 de setembro)			
Módulo profesional	Asociado á unidade de competencia	Susceptible de validar por	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Organización dos traballos de acabados de construción	1. Organizar os traballos de acabados de construción.		
Revestimentos continuos conglomerados	2. Realizar revestimentos continuos conglomerados.	X	X
Pavimentación e colocación de azulexos	3. Pavimentar e azulexar.	X	X
Revestimentos en láminas	4. Realizar revestimentos en láminas.	X	X
Pinturas e vernices	5. Aplicar pinturas e vernices.	X	X
Paneis prefabricados	6. Montar e fixar paneis prefabricados.	X	X
Seguridade na construción	7. Comprobar os medios de seguridade previstos no plan.		
Administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa	8. Realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.	X	
Formación e orientación laboral			X
Formación en centros de traballo			X

Familia profesional: hostalaría e turismo			
Ciclo formativo: cociña			
Real decreto polo que se establece o título: 2219/93, do 17 de decembro (BOE do 11 de marzo de 1994)			
Decreto polo que se establece o currículo: 147/99, do 23 de abril (DOG do 26 de maio)			
Módulo profesional	Asociado á unidade de competencia	Susceptible de validar por	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Ofertas gastronómicas e sistemas de aprovisionamento	1. Confeccionar ofertas gastronómicas, realizar o aprovisionamento e controlar consumos.		
Preelaboración e conservación de alimentos	2. Manipular en cru e conservar toda clase de alimentos.	X	X
Técnicas culinarias	3. Preparar e presentar elaboracións básicas e pratos elementais.	X	X
Repostaría	4. Preparar e presentar produtos de pastelería e repostaría.		X
Técnicas básicas de servizo e de preparación de alimentos e bebidas á vista do cliente.	5. Montar servizos tipo buffet, self-service ou análogos, preparar alimentos e bebidas á vista do cliente e apoiar actividades de servizo.	X	X
Elaboración e produtos culinarios	6. Preparar e presentar diferentes tipos de pratos da cociña rexional, nacional, internacional e creativa.		
Administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa	7. Realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.	X	
Lingua estranxeira (inglés)			
Formación e orientación laboral			X
Formación en centros de traballo			X

Familia profesional: mantemento de vehículos autopropulsados			
Ciclo formativo: carrozaría			
Real decreto polo que se establece o título: 1650/94, do 22 de xullo (BOE do 26 de setembro)			
Decreto polo que se establece o currículo: 333/99, do 17 de novembro (DOG do 27 de decembro)			
Módulo profesional	Asociado á unidade de competencia	Susceptible de validar por	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Elementos amovibles	1. Substituír e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo.	X	X
Elementos metálicos e sintéticos	2. Levar a cabo a reparación de elementos de aceiro, fundición, aliaxes lixeiras e materiais sintéticos.	X	X
Elementos fixos	3. Substituír elementos fixos do vehículo total ou parcialmente, realizando modificacións nos casos demandados.	X	
Administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa	7. Realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.	X	
Seguridade no mantemento de vehículos			
Formación e orientación laboral			X
Preparación de superficies	4. Realizar a preparación, protección e igualación de superficies.	X	X
Elementos estruturais do vehículo	5. Reparar a carrozaría, bastidor, cabina e equipamentos ou apeiros do vehículo.		
Embelecemento de superficies	6. Efectuar o embelecemento de superficies.	X	X
Formación en centros de traballo			X

Familia profesional: electricidade e electrónica			
Ciclo formativo: equipamentos e instalacións electrotécnicas			
Real decreto polo que se establece o título: 623/95, do 21 de abril (BOE do 17 de agosto)			
Decreto polo que se establece o currículo: Decreto 240/97, do 30 de xullo (DOG do 12 de setembro)			
Módulo profesional	Asociado á unidade de competencia	Susceptible de validar por	
		Formación profesional ocupacional	Práctica laboral
Electrotecnia		X	X
Instalacións eléctricas de interior		X	X
Automatismos e cadros eléctricos		X	X
Relacións no equipo de traballo			
Calidade			
Seguridade nas instalacións eléctricas			
Formación e orientación laboral			X
Instalacións eléctricas de enlace e centros de transformación	1. Construír e manter equipos e instalacións de distribución e subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión.	X	X
Instalacións singulares en vivendas e edificios	2. Construír e manter instalacións singulares no contorno dos edificios.	X	X
Instalacións automatizadas en vivendas e edificios	3. Construír e manter equipamentos e instalacións electrotécnicas automatizadas.	X	X
Mantemento de máquinas eléctricas	4. Construír, manter e ensaiar máquinas eléctricas estáticas e rotativas.	X	X
Administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa	5. Realizar a administración, xestión e comercialización nunha pequena empresa ou taller.	X	
Formación en centros de traballo			X

ANEXO II

Relación de centros en los que se llevarán a cabo las pruebas de cada ciclo

CICLO	CENTRO	DIRECCIÓN	TELÉFONO
Acabados de construcción	IES Porta da Auga	Avenida de Luarca, s/n. 27700-Ribadeo	982 128 894
Equipos e instalacións electrotécnicas	IES Nº1 - Politécnico	Rúa Torrecedeira, 88. 36202-Vigo	986 213 025
Cocina	IES Paseo das Pontes	San Pedro de Mezonzo, s/n. 15004-A Coruña	981 160 196
Carrocería	IES Coroso	Avenida da Coruña, 174. 15960-Ribeira	981 870 361

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO SOCIAL
EUROPEO



PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED517A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI OU PASAPORTE	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	

EXPÓN:

Que cumpre os requisitos para inscribirse nas probas para a obtención do título de técnico de FPE:

- Ter 18 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.
- Acreditar unha experiencia laboral efectiva de polo menos dous anos relacionada co sector produtivo do ciclo formativo ao que pertenza o módulo profesional correspondente, ou da unidade de competencia da que pretende o recoñecemento.
- Xustificar documentalmente ter cursado con anterioridade ensinanzas profesionais relacionadas co sector profesional correspondente.

DOCUMENTACIÓN

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI.
- CERTIFICACIÓN DA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.
- PERÍODO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS.
- CERTIFICACIÓN DE EMPRESA OU DE EMPRESAS.
- NO CASO DE TRABALLADORES POR CONTA PROPIA, CERTIFICACIÓN DA ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
- CERTIFICACIÓN DE TER CURSADO CON ANTERIORIDADE ENSINANZAS PROFESIONAIS RELACIONADAS CO SECTOR PROFESIONAL CORRESPONDENTE.
- OUTRA DOCUMENTACIÓN.

SOLICITA:

- A súa inscrición no módulo ou nos módulos seguintes, correspondentes ao ciclo medio de: _____
- _____
- _____
- A avaliación e o recoñecemento de ter adquirido competencias profesionais. Xúntanse os seguintes documentos acreditativos:
- _____
- _____

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 11 de febreiro de 2005, pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de febreiro).

Resolución do 4 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención do título de técnico de formación profesional específica nos ciclos formativos e prazas que se determinan. (DOG do 17 de marzo).

Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), de avaliación de ciclos formativos de formación profesional específica, e Orde do 8 de outubro de 2002 (DOG do 17 de outubro), pola que se rectifican os erros advertidos na anterior.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

de de

Director/a do IES ou CPR

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA	/ /
DATA DE EFECTOS	/ /
DATA DE SAÍDA	/ /

NOTA: os datos persoais recollidos neste impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, no uso das funcións que ten atribuídas no ámbito das súas competencias. Poderase dirixir a calquera órgano dela para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE do 14 de decembro). Fágome responsable da veracidade dos datos recollidos nesta solicitude.

ANEXO IV
DECLARACIÓN XURADA

D/Dña. _____, con domicilio en _____, e DNI _____, que presentou solicitude para participar nas probas libres para a obtención do título de grao medio de _____

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que non está matriculado/a de forma presencial en ningún centro docente para cursar estudos conducentes á obtención do título de grao medio indicado anteriormente.

E para que así conste, asina esta declaración.

_____, ____ de _____ de 200__

ANEXO V
MODELO DE TRAXECTORIA FORMATIVA PROFESIONAL

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	
FAMILIA PROFESIONAL	CICLO FORMATIVO
UNIDADE DE COMPETENCIA OU MÓDULO	

Formación recibida relacionada directamente coas competencias profesionais da unidade de competencia ou do módulo para o que se solicita acreditación (relaciónese en orde cronolóxica inversa):

<i>NOME DO CURSO</i>	<i>DURACIÓN</i>	<i>CENTRO E LUGAR</i>
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

Experiencia laboral: postos de traballo ocupados relacionados directamente coas competencias profesionais da unidade de competencia ou do módulo para o que se solicita acreditación (relaciónese en orde cronolóxica inversa):

<i>DESCRICIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO</i>	<i>TEMPO QUE OS DESEMPEÑOU</i>	<i>NOME DA EMPRESA E LUGAR</i>	<i>ACTIVIDADE DA EMPRESA</i>
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Sinatura do solicitante ou persoa que o/a representa

_____, ____ de _____ de 200__

ANEXO VI

Cráterios de baremación de solicitudes cando existan máis candidatos que prazas

Aplicaranse estes cráterios pola seguinte orde:

Primeiro:

Terán prioridade os candidatos que cumpran as condicións de acceso requiridas para a expedición do título, especificadas no artigo 5.3 da Orde do 11 de febreiro de 2005, (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica

Segundo:

Maíor puntuación neste punto:

Por experiencia laboral	Ano	Mes
Por cada ano ou mes traballado en actividades directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula.	12 puntos por ano	1 punto por mes
Por cada ano ou mes traballado en actividades relacionadas co sector produtivo do ciclo ou do módulo no que se matricula.	6 puntos por ano	0,50 puntos por mes
Por estar traballando en actividades directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula.	5 puntos	
Por estar traballando en actividades relacionadas co sector produtivo do ciclo ou do módulo no que se matricula.	2 puntos	
Aos candidatos que alegan a experiencia laboral como requisito de acceso non se lles contabilizarán para este baremo os dous anos exixidos.		
Por formación	Cada 1.000 horas	Cada crédito ou cada 10 horas
Por horas de formación directamente relacionada coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula.	12 puntos	0,12 puntos
Por horas de formación relacionada co sector produtivo do ciclo ou do módulo no que se matricula.	6 puntos	0,06 puntos
Aos candidatos que alegan a formación como requisito de acceso non se lles contabilizarán para este baremo as 300 horas exixidas.		

Terceiro:

En caso de empate entre candidatos que acceden pola mesma modalidade, teranse en conta, de forma excluinte, os seguintes puntos, pola orde especificada:

Para quen alegue experiencia laboral	Para quen alegue formación
1º. Maíor número de anos de traballo en actividades directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula. Consideraranse como decimais os meses que non completen un ano.	1º. Número total de horas de formación directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula.
2º. Maíor número de anos de traballo en actividades relacionadas co sector produtivo do ciclo ou do módulo no que se matricula. Consideraranse como decimais os meses que non completen un ano.	2º. Número total de horas de formación directamente relacionada co sector do ciclo ou do módulo no que se matricula.
3º. Polo número total de horas de formación directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula.	3º. Maíor número de anos de traballo en actividades directamente relacionadas coa competencia do ciclo ou do módulo no que se matricula. Consideraranse como decimais os meses que non completen un ano.
4º. Polo número total de horas de formación directamente relacionadas co sector do ciclo ou do módulo no que se matricula.	4º. Maíor número de anos de traballo en actividades relacionadas co sector produtivo do ciclo ou do módulo no que se matricula. Consideraranse como decimais os meses que non completen un ano.
5º. Maíor idade da persoa solicitante.	5º. Maíor idade da persoa solicitante.

Cuarto:

En caso de empate entre candidatos que acceden por distinta modalidade, establecerase a prioridade segundo a maíor idade do candidato.

Quinto:

De persistir o empate en calquera dos casos, a comisión de avaliación realizará un sorteo público, que será convocado con 24 horas de antelación no taboleiro de anuncios do centro no que se realizan as probas.

ANEXO IX

Modelo de certificación de módulos

D./Dña: _____

Secretario/a do centro: _____ Provincia de: _____

CERTIFICA QUE
D./Dña: _____

Superou os seguintes módulos profesionais:

Nome do módulo profesional superado	Duración do módulo	Cualificación
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	
	De ___ horas de duración.	

Módulos pertencentes ao ciclo formativo de formación profesional específica de grao medio:
.....
_____ de _____ de 200

Vº e Pce. O/a director/a _____ O/a secretario/a do centro docente

Asdo.: _____ Selo do centro docente

ANEXO X

Impreso de solicitude de expedición do título

D./Dña: _____

Solicita que lle sexa expedido o título de:

Sinatura da persoa solicitante ou de quen a represente:

_____ de _____ de _____

D./Dña: _____

Secretario/a do centro	Provincia de
------------------------	--------------

Certifica que D./Dña. _____ superou todos os módulos profesionais do ciclo formativo _____, e que cumpre todos os requisitos exixidos para que se lle expida o título de:

_____ de _____ de _____

Vº e Pce. O/a director/a _____ O/a secretario/a do centro docente

Asdo.: _____

Selo do centro docente